

O Servizo de Participación e Integración Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela pon en marcha, a través do proxecto de Deseño e Desenvolvemento do Centro de Documentación de Vida Independente (CEDOVI), un curso en liña titulado:

### **"Diversidade funcional e Participación Social: favorecendo o desenvolvemento da Vida Independente"**

Este curso encádrase na última etapa do proxecto, e ten como obxectivo principal a posta en marcha dunha acción de formación nun espazo (aula) virtual, ligado ao CEDOVI, un proxecto que naceu froito da estreita colaboración entre membros das asociacións de persoas con diversidade funcional Ambar e Vigalicia (Vida independente Galiza) e o persoal do Servizo de Participación e Integración Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela.

O desenvolvemento global do proxecto non tería sido posible sen o apoio económico da Fundación Vodafone España e a implicación de outras entidades como a Consellería de traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

A proposta realizarase a través dunha contorna virtual desenvolvida polo grupo de investigación AdeNu da UNED, especialmente deseñada para satisfacer as necesidades das persoas con diversidade funcional. AdeNu colabora desinteresadamente cedéndonos un espazo no seu servidor para desenvolver a actividade.

Os contidos do curso están deseñados co propósito de acadar un nivel de accesibilidade óptimo. Organízanse en catro temas (módulos) de aprendizaxe:

**Módulo 1: Introducción.**

**Módulo 2: Aproximacións ao fenómeno social da discapacidade.**

**Módulo 3: Dereitos Humanos e dereitos civís das persoas con diversidade funcional.**

**Módulo 4: Ferramentas de vida independente.**

Serán factores a avaliar a participación dos alumnos en distintos foros implementados na plataforma, a superación dos test/ cuestionarios que se presentarán aos alumnos e a redacción dunha memoria final de reflexión sobre a actividade.

A titoría do curso será a cargo de:

- D. Jose Antonio Nóvoa Romay (Presidente da plataforma de Asistencia persoal para a Vida Independente –Vigalicia-, membro do Foro de Vida Independente e directivo de ENIL-Rede Europea de Vida Independente).
- D. Juan José Maraña (membro da plataforma de Asistencia persoal para a Vida Independente –ViGalicia- e do Foro de Vida Independente).

É un curso **gratuito**.

A Universidade de Santiago de Compostela recoñece **30 horas** de formación e / ou **1 crédito de libre configuración** pola realización desta actividade.

O número de prazas é limitado: **30 prazas**.

O prazo para o envío da solicitude de inscrición finaliza o 7 de Maio de 2010.

Para facer efectiva a súa inscrición remita un correo electrónico a [sepiu.integracionscq@usc.es](mailto:sepiu.integracionscq@usc.es) indicando:

Nome  
Apelidos  
DNI  
Enderezo postal  
Email de contacto  
Teléfono de contacto

Será dada **prioridade na matrícula a aquelas persoas que poidan contrastar a súa situación de dependencia**. Para isto será necesario enviar xunto coa solicitude de inscrición unha declaración de ter recoñecido algún grao de dependencia. Con posterioridade, e por correo certificado, deberá enviarse copia do documento acreditativo ao seguinte enderezo:

Servizo de Participación e Integración Universitaria  
Área de Integración Universitaria  
R / Casas Reais, 8.  
CP 15 782. Santiago de Compostela

Unha vez pechado o prazo de inscrición enviaráselles un correo confirmando a súa admisión no curso aos/ás alumnos/as seleccionados.

Os datos recollidos polo SEPIU serán tratados confidencialmente, dacordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, a protección dos datos persoais.

Organizan:



VICERREITORÍA DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA E  
COMPROMISO SOCIAL  
Servizo de Participación e Integración Universitaria



Fundación  
Vodafone  
España

Colaboran:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



asistencia persoal para a vida independente

aDeNu